

"Galicia ten o triste privilexio de estar no 2º posto a nivel nacional en número de suicidios"

09.05.2016 O ano pasado, segundo datos do Movemento Galego da Saúde Mental, contabilizaron 321 // Aínda que son 73 casos menos que en 2014, o portavoz do colectivo, Miguel Anxo García, sinalou en Radio Obradoiro que non cre que esteamos ante un cambio de tendencia // Pídelle á Xunta o desenvolvemento dun plan de prevención

SANTIAGO. RO

O Movemento Galego da Saúde Mental vén de presentar os datos de suicidios de 2015 correspondentes a Galicia, que deixan un total de 321 casos. Malia ser 73 menos que en 2014, o portavoz do colectivo sinalaba este luns en **Radio Obradoiro** que non cre que esteamos ante un cambio de tendencia. Galicia, dixo, "ten o triste privilexio de estar dende sempre no segundo posto no ránking nacional".

Para Miguel Anxo García, este descenso dos casos "pode ter que ver con que o máis grave da crise foi nos primeiros anos". En calquera caso, advirte de que "permanece un factor moi grave como é o altísimo nivel de paro". E é que a crise económica, incide, ten moito que ver co número de suicidios, tal y como apioan diversas investigacións. Lembrou que por dúas veces, en 2011 e 2013, a Organización Mundial da Saúde en Europa advertiu ós gobernos "da necesidade de adoptar políticas sociais diante da crise para evitar o incremento de suicidios. Non se fixo nada".

O portavoz do Movemento Galego da Saúde Mental sinalou que "calquera problema de saúde que rexistrara 321 mortes ó ano sería considerado un grave problema de saúde pública". Lamenta que non ocorra o mesmo cos suicidios, e explica que naqueles lugares "onde se puxeron en marcha plans de prevención, estes demostraron a súa eficacia". Este ano levamos en Galicia 129 suicidios.

Miguel Anxo García fixo un chamamento á cidadanía para que tome parte da campaña "**Badaladas pola prevención do suicidio**", ás oito da tarde na Praza das Praterías de Santiago.

Síguenos en **Twitter** e **Facebook**